

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 26.04.2018 Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 26 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Propositions non de lei

- 1.1 25554 (10/PNC-001975)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repercusión na factura eléctrica da cidadanía dos suplementos territoriais polos tributos medioambientais propios da Comunidade Autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018
- 1.2 26703 (10/PNC-002058)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense en relación co conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 267, do 27.02.2018
- 1.3 27222 (10/PNC-002106)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis
Sobre o arranxo polo Goberno galego das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Monforte de Lemos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018
- 1.4 27962 (10/PNC-002174)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a remisión pola Xunta de Galicia aos grupos parlamentarios dun informe desagregado respecto das axudas e subvencións concedidas, así como dos convenios de colaboración subscritos con diversas empresas do sector da automoción, desde o ano 2009
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018
- 1.5 27969 (10/PNC-002177)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, a través da Axencia de

Turismo de Galicia, dun proxecto para o estudo e a posta en marcha de plantacións de frondosas autóctonas nas marxes do Camiño de Santiago, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

- 1.6 27985 (10/PNC-002183)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o control polo Estado da xestión da rede de distribución de electricidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018
- 1.7 29323 (10/PNC-002325)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego do uso da marca "Artesanía de Galicia" nos establecementos comerciais, co fin de contribuír á mellora da súa visibilidade e comercialización
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 26.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 26.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 25554(10/PNC-001975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repercusión na factura eléctrica da cidadanía dos suplementos territoriais polos tributos medioambientais propios da Comunidade Autónoma

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 16:43
Nº Rexistro: 25554
Data envío: 07/02/2018 16:43:47.564



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A Lei do sector eléctrico de 1997 establecía que no caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa o indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas, ou recargos sobre tributos estatais, poderían incluír un suplemento territorial que abonarían as persoas consumidoras desas comunidades para cubrir ese custo adicional.

En xullo de 2012 o Goberno de España aprobou un Decreto-lei de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. Entre outras cuestións, modificou a citada norma e eliminou o carácter opcional do suplemento territorial, o que abría a porta a fixar distintos prezos por comunidades en función dos tributos autonómicos que se aplicaran ao sector, o que viña a vulnerar varios principios constitucionais, ademais de incorrer nunha auténtica deslealdade.

Aínda así, o Goberno quixo aplicar esta medida en 2013, incluíndo nos prezos da electricidade un suplemento que deberían pagar as persoas consumidoras. Sen embargo, a Comisión Nacional da Enerxía recomendou desestimar a medida porque o citado decreto-lei non fora desenvolvido.

Finalmente, desestimouse incluír o suplemento territorial pero a finais de 2013, na nova Lei do sector eléctrico, o Goberno volveu á redacción anterior. Pero aconteceu que durante cerca dun ano e medio estivo en vigor unha norma que obrigaba a repercutir na factura ao consumidor/consumidora dos impostos autonómicos ás compañías



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

eléctricas.

As empresas recorreron a decisión do Goberno de non cobrar por este concepto nas dúas ordes que regularon as tarifas de 2013. En xuño de 2014 e setembro de 2016, o Tribunal Supremo deulle a razón e condenou ao Ministerio de Industria a establecer o cobro dos suplementos territoriais. Sen embargo, a execución destes fallos xudiciais presentou novos problemas.

A finais de decembro o Tribunal Supremo apercibiu ao ministro de Enerxía para que antes do 20 de xaneiro iniciara a tramitación da orde correspondente. Así o fixo, e tamén aportou un informe sobre os problemas para executar a sentenza de 2014.

En concreto, o ministerio alegou que, para dar cumprimento ás sentencias, pediu en abril do ano 2016 ás comunidades autónomas información sobre os tributos existentes durante 2013 que gravaban actividades e instalacións destinadas ao subministro eléctrico. Pero só dispuxo de datos suficientes de Cataluña, A Ríoxa, Castela A Mancha e a Comunidade Valenciana.

O 26 de xaneiro do 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado a orde esixida, que unicamente afectaba a esas catro rexións. Tamén se fixeron requirimentos a outras dez comunidades, Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Castela e León, Extremadura, Galicia e Madrid. Esta mesma Orde tamén recollía que se continuaba solicitando información sobre estas e outras comunidades autónomas.

Trala publicación da orde en xaneiro, as eléctricas solicitaron ao Tribunal Supremo que declare que non se ten cumprido a sentenza de 2014, e que se amplíe a esixencia de devolución a tódolos tributos satisfeitos polas actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico. Así mesmo, piden que se reingrese todo o cobrado mentres estivo en vigor o decreto-lei de 2012. Pola súa parte, a avogacía do Estado deu por cumprida a sentenza e pediu que sexa o Tribunal o que requira ás comunidades que non teñen aportado os datos solicitados.

Nun auto do pasado 10 de marzo o Tribunal Supremo considera que a sentenza de 2014 ten sido parcialmente executada e que polo tanto só cabe que as eléctricas impugnen a orde de xaneiro, polo que non deixa claro si avala o criterio do Goberno. Ademais, da un prazo de tres meses para que o ministerio dite unha nova resolución na que fixe canto hai que esixir aos consumidores das catro comunidades afectadas inicialmente e do resto de comunidades, entre elas Galicia.

Daquela, os socialistas presentáramos unha iniciativa lexislativa que viña a propoñer a supresión de diversos artigos da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, pero a maioría parlamentaria do Grupo Popular rexeitou tal iniciativa, aducindo, entre outras cuestións, que os suplementos nunca serían repercutidos xa que os impostos mediambientais galegos non gravan a enerxía eléctrica, ao tempo que facían unha (indefendible) loa sobre a política enerxética realizada polo goberno central nos últimos anos.

No Boletín Oficial do Estado do último 30 de xaneiro, aparece unha Orde do Ministerio pola que desenvolve o mecanismo para obter a información necesaria para a fixación dos suplementos territoriais, figurando para Galicia as figuras tributarias (para o exercicio do 2013) de catro gravames: o canón de saneamento, o imposto sobre contaminación atmosférica, o coñecido como imposto sobre a auga encorada e o canon eólico.

O importe recadado (por dereitos recoñecidos) deses tributos no ano 2013 foron os seguintes:

- Imposto sobre contaminación atmosférica: 2.922.083 €
- Imposto sobre a auga encorada: 11.407.602 €
- Canon eólico: 22.931.900 €

Mentres que a memoria orzamentaria para Augas de Galicia, establecía o importe dos canóns hidráulicos (da auga, do coeficiente de vertido e de saneamento), nun importe de 31.793.724 €, importe que xa debeu ser facturado ás diversas persoas consumidores.

Do que resultaría (de ser referendadas esas contías), un total de cerca de 70 millóns de euros, contía que deberá ser refacturada e ao final, novamente, tamén recaerá sobre as familias, soportando deste xeito unha nova carga sobre unha factura eléctrica xa de por si xa moi elevada.

A Xunta de Galicia ten anunciado que impugnará esta decisión do Goberno central, pero, en base aos argumentos que veu utilizando ata o de agora, cando anunciaban que tales impostos autonómicos non serían repercutidos, non parece que existan garantías en tal sentido. Máis cando é coñecida a súa defensa da política enerxética levada a cabo polo Goberno central.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impugnar a repercusión na factura eléctrica sobre a cidadanía dos suplementos territoriais polos tributos medioambientais propios da nosa Comunidade Autónoma.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/02/2018 16:24:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 16:43
Nº Rexistro: 25554
Data envío: 07/02/2018 16:43:47.564



 [Grupo Parlamentario](#)

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/02/2018 16:24:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/02/2018 16:24:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 26.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 26703(10/PNC-002058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense en relación co conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do centro

Publicación da iniciativa, 267, 27.02.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ao servizo de mantemento e seguridade industrial do Complexo Hospitalario de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No 2014 foi adxudicado o servizo de xestión integrada de varios servizos non asistenciais, que incluía o de mantemento, do Complexo Hospitalario de Ourense por máis de 140 millóns de euros á empresa Ferrovial por un tempo de quince anos.

Na altura esta operación foi censurada por organizacións como o Bloque Nacionalista Galego por supoñer unha privatización de servizos como o de mantemento, até a altura cun cadro de persoal público, ademais de por supoñer macrocontratos en termos que imposibilitaban o acceso a eles as pequenas e medianas empresas. Xa no 2012 o BNG tiña censurado este tipo de adxudicacións a cambio de financiamento e de macroservizos que impedían a libre competencia.

Nos últimos anos as e os traballadores de servizos dependentes de Ferrovial teñen denunciado a vulneración dos seus dereitos laborais. Máis concretamente, recentemente o persoal responsábel do mantemento e, polo tanto, de elementos de grande importancia no ámbito hospitalario como cuestións de seguridade industrial, arranxos, etc. Falta de persoal, vulneración do convenio de siderometal e agravios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26703
Data envío: 21/02/2018 19:08:20.289

comparativos con traballadores doutros hospitais son algunhas das cuestións graves que están a acontecer.

Así as cousas, recentemente o cadro de persoal traballador do servizo de mantemento celebraron diversas mobilizacións na procura da resolución da súa situación de desigualdade e unha convocatoria de folga indefinida.

O emprego xerado polas administracións públicas debe ser exemplarizante e polo tanto é urxente que a Consellaría de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense se impliquen na resolución do conflito. Por todas estas razóns...

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a que a Consellaría de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense se impliquen na resolución do conflito comprometéndose á negociación co cadro de persoal co obxecto de mellorar as condicións laborais e corrixir a situación de desigualdade e vulneración das mesmas.”

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26703
Data envío: 21/02/2018 19:08:20.289

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2018 19:07:56

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2018 19:08:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2018 19:08:03

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2018 19:08:05

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2018 19:08:06

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2018 19:08:11

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 26.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 27222(10/PNC-002106)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre o arranxo polo Goberno galego das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Monforte de Lemos

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27222
Data envío: 02/03/2018 16:21:48.489



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Pérez Seco, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez e José Antonio Quiroga Díaz**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia elaborou “O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021” que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do camiño na nosa comunidade.

O dito plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas.

No seu apartado 4. Retos e visión compartida. Establécese que a visión é “Un camiño de todos para todos, un camiño adaptado para o peregrino de 2021, e un camiño modelo demostrador internacional.”

No apartado 8. Visión desexada no 2021. Deséñase unha Etapa Modelo tipo na que se reflicte como se visualiza o Camiño para acoller ao peregrino do 2021 en materia de aloxamentos, servizos ao peregrino, conservación das rutas e do patrimonio, etc.

Para acadar esta etapa modelo en todo o camiño, vanse a abordar as accións de xeito coordinado entre os distintos axentes no marco de cada ruta atendendo aos seus anos por camiño, previamente establecidos.

Deste xeito, establécese para o ano 2017 a consecución das accións necesarias para acadar o obxectivo da etapa modelo nos itinerarios dos Camiño Francés, Camiño Fisterra Muxía e do Camiño Inglés.

Este obxectivo, establece como vai ser o camiño que vai acoller ao peregrino do 2021, o estándar de como vai quedar cada un dos itinerarios sobre os que se vai actuar:



Servizos ao peregrino:

- Xestión enerxética, hídrica e de residuos eficiente.
- Wifi na rede de albergues públicos.
- Profesionais cualificados: idiomas.
- Oferta gastronómica.
- Produtos artesanais.
- Oferta cultural.
- Camiño limpo e en bo estado.
- Xestión integral dos residuos.
- Áreas de descanso cada 20 quilómetros.
- Asistencia sanitaria.
- Acceso a internet gratuíto no trazado do camiño.
- Conservación do Patrimonio cultural.
- Plantación de especies autóctonas.
- Núcleos de poboación e patrimonio etnográfico protexido e rehabilitado.
- Rutas alternativas para BBT e persoas con mobilidade reducida
- Sinalización: Mouteira oficial cada 0,5 quilómetros e cartel direccional en cada cruce ou tramo que o precise.
- Fonte de auga potable cada 20 quilómetros.
- Áreas habilitadas para bebedoiros de animais.
- Seguridade viaria: sen cruces perigosos, rutas peonís alternativas.

Pero a realidade dista moito de cumprir este obxectivo de etapa modelo nos itinerarios indicados, pois son varias as deficiencias que se detectan nos tres itinerarios:

- Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas.
- Deficiencia na sinalización do camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do camiño.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos.
- Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional.
- Deficiencia na conectividade, cun 80 % dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta.
- Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.
- Animais abandonados en tramos do camiño.
- Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados.
- Escaso apoio da Consellería de cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño.

No paso do Camiño de Santiago polo concello de Monforte de Lemos, as deficiencias son varias:

- Falta delimitar oficialmente o percorrido, que lle corresponde á Consellería de Cultura.
- No Pleno celebrado o 2 de novembro de 2016 no Concello de Monforte acordouse por unanimidade solicitar á Xunta de Galicia a creación e xestión dun albergue que leve aparelado unha oficina de información no centro da cidade, rehabilitando algunha das casas con historia (por exemplo o antigo Hotel Victoria da rúa Cardeal Estreito), a fin de que veña acompañado de recuperación de Patrimonio.
- Na cidade está incompleta a sinalización das conchas metálicas ou azulexos.
- Faltan puntos de selado de credenciais, que normalmente faise en igrexas e locais de hostalería ou albergues.
- O Camiño está en mal estado en varios treitos, sendo necesario mellorar o firme, facer pasos de auga, limpar cunetas e realizar podas e desbroces das árbores e da maleza que se atopa nas marxes do Camiño.
- Dificultade para obter auga potable ao pé do camiño.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27222
Data envío: 02/03/2018 16:21:48.489



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que no prazo máximo de tres meses se arranxen as deficiencias do Camiño de Santiago o seu paso polo termo municipal de Monforte de Lemos.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2018

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
José Antonio Quiroga Díaz
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/03/2018 13:44:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/03/2018 13:44:38

José Antonio Quiroga Díaz na data 02/03/2018 13:44:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2018 13:44:49

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 26.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 27962(10/PNC-002174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a remisión pola Xunta de Galicia aos grupos parlamentarios dun informe desagregado respecto das axudas e subvencións concedidas, así como dos convenios de colaboración subscritos con diversas empresas do sector da automoción, desde o ano 2009

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 27962
Data envío: 15/03/2018 12:30:01.934

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto da concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado repetidamente a falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto dos recursos que destina a empresas do sector da automoción e a necesidade de informar sobre as mesmas para avaliar a repercusión que teñen na fixación de emprego e tecido empresarial nun contexto de forte deslocalización cara outros centros de produción, como é o norte de Portugal.

Neste sentido, comezada a X lexislatura este Grupo Parlamentar reiterou tres solicitudes de información concreta, rexistrando en outubro de 2016 preguntas orais e escritas así como un artigo 9 relativos a coñecer as contías exactas de determinadas empresas, de habelas, por non poder atopar esa información mediante os mecanismos públicos. Porén, máis de ano e medio despois e malia as peticións verbalizadas no curso da resposta ás nosas preguntas orais, non recibimos resposta, obstaculizando o noso traballo parlamentario e a nosa labor de oposición. .



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 27962
Data envío: 15/03/2018 12:30:01.934

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a remitir aos grupos parlamentares no prazo dun mes un informe desagregado sobre as axudas, subvencións e convenios de colaboración que estableceu a Xunta de Galiza, se é o caso, coas seguintes empresas, desde o ano 2009:

ALUDEC S.A.
ALYMOSA
BENTELER AUTOMOTIVE VIGO S.L.
BORGWARNER EMISSIONS SYSTEMS SPAIN S.L.
CABLERIAS AUTO S.L.
CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA -
FUNDACION CETAG
CENTRO TECNOLÓGICO GRUPO COPO S.L.
COMPONENTES DE VEHICULOS
COPO GALICIA SLU
COPO IBERICA S.A.
DENSO SISTEMAS TERMICOS ESPAÑA S.A.
FAURECIA ASIENTOS DE GALICIA S.A.
FAURECIA AUTOMOTIVE ESPAÑA S.A.
FAURECIA INTERIOR SYSTEMS ESPAÑA S.A.
FAURECIA SISTEMAS DE ESCAPE S.A.
GESTAMP VIGO S.A.
GKN DRIVELINE VIGO S.A.
GRUPO ANTOLIN PGA S.A.
GRUPO ANTOLIN VIGO S.A.
MAIER FERROPLAST, SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 27962
Data envío: 15/03/2018 12:30:01.934

MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES.
MC SYNCRO
MEGATECH INDUSTRIES OURENSE S.L.
MGI COUTIER ESPAÑA S.L.
PLASTIC OMNIUM AUTO INERGY SPAIN S.A.
PLASTIC OMNIUM COMPONENTES EXTERIORES S.L.
PSA PEUGEOT CITROEN
REYDEL AUTOMOTIVE SPAIN S.L.
SNOP ESTAMPACION S.A.
TB SPAIN INJECTION S.L. (TBSI)
TI GROUP AUTOMOTIVE SYSTEMS S.A.
TREVES GALIZA, SLU
VIZA AUTOMOCION SAU
ZF TRW ACTIVE & PASSIVE SAFETY TECHNOLOGY OSS
(OCCUPANT SAFETY SYSTEMS).”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 27962
Data envío: 15/03/2018 12:30:01.934

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 11:46:49

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 11:46:56

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 11:46:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2018 11:46:58

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2018 11:47:00

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2018 11:47:01

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 26.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 27969(10/PNC-002177)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, a través da Axencia de Turismo de Galicia, dun proxecto para o estudo e a posta en marcha de plantacións de frondosas autóctonas nas marxes do Camiño de Santiago, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:42
Nº Rexistro: 27969
Data envío: 15/03/2018 12:42:40.434



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á proposta para que a Axencia Galega de Turismo desenvolva plantacións de especies frondosas autóctonas nas marxes do Camiño de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os entornos do Camiño de Santiago veñen de sufrir moitas agresións ambientais, patrimoniais e paisaxísticas e, dado que é unha das máis fortes imaxes de marca do noso País e gran xeradora de posibilidades económicas nas zonas polas que transcorre, debería de ser unha máxima prioridade a súa protección e potenciación.

Unha das máis importantes accións a poder desenvolver e potenciar é a mellora paisaxística e medio ambiental e a biodiversidade dos entornos do Camiño.

O Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 ten dentro dos seus obxectivos protexer e preservar o Camiño para garantir a pervivencia da súa identidade e a posta en valor do seu patrimonio cultural e natural.

Na súa liña estratéxica nº 4 establece que se deberán desenvolver plans de accións para acadar un Camiño sostible levando a cabo actuacións de conservación e mellora no entorno natural e paisaxístico.

Por todo elo consideramos que a Axencia de Turismo de Galicia e a S.A. de Xestión do Camiño de Santiago enmarcado nos proxectos cara ao Ano Santo



Xacobeo de 2021 debería desenvolver unha acción para estudar e poñer en marcha plantacións de frondosas autóctonas nas marxes do camiño.

Esta actuación debería implicar e ter en conta para o seu desenvolvemento a toda a industria forestal de Galicia, escolas forestais universitarias, centros educativos das zonas polas que percorre o Camiño, asociacións de defensa da natureza, etc. nun obxectivo de facer pedagogía da cultura forestal sostible e dos valores dos bosques de Galicia.

Ante todo o exposto, e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver, a través da Axencia de Turismo de Galicia, un proxecto para estudar e poñer en marcha plantacións de frondosas autóctonas nas marxes do Camiño de Santiago.
- 2.- Establecer franxas de protección entorno ao Camiño nas que non se poderían plantar especies alóctonas.
- 3.- Implicar neste proxecto a toda a industria forestal de Galicia, escolas forestais universitarias, centros educativos das zonas polas que percorre o Camiño, asociacións de defensa da natureza, etc.
- 4.- Desenvolver pezas didácticas sobre cultura e patrimonio forestal destinadas aos peregrinos, así como, información sobre as especies e ecosistemas que rodean ao Camiño de Santiago.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 12:42
Nº Rexistro: 27969
Data envío: 15/03/2018 12:42:40.434



Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Paula Quinteiro Araujo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/03/2018 12:40:49

David Rodríguez Estévez na data 15/03/2018 12:41:00

Paula Quinteiro Araújo na data 15/03/2018 12:41:10

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 12:42:00

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 26.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 27985(10/PNC-002183)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central para o control polo Estado da xestión da rede
de distribución de electricidade

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6ª, relativa a toma do control de xestión da rede de distribución eléctrica polo Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Chega o mes de xaneiro, chegan os temporais, os encoros vanse recuperando, os parques eólicos producen á súa máxima potencia, pero “misteriosamente” anúncianse novas subidas do prezo da luz na contorna do 10%. As empresas eléctricas españolas quéixanse de que os seus beneficios son “insuficientes” cando dobran e, nalgúns casos, cuadriplican aos das empresas eléctricas do resto de Europa.

A cobiza dos fondos de investimento internacionais —propietarios en parte das eléctricas españolas— é infinita e moi ben engraxada polas portas xiratorias da presenza masiva de políticos do réxime nos seus consellos de administración. E todo á conta dos consumidores domésticos e industriais, as familias e as empresas, que pagan as tarifas máis caras da UE.

Esta situación, explícase polo marco legislativo ditado polo BOE, con decretos que en moitas ocasións chegan escritos ao Ministerio dende as empresas do sector, que determina un mercado e unhas poxas, extraordinariamente caras, determinados por unha falta de control e xenerosidade do regulador, que volve cargar sobre os consumidores os custos dun sistema ineficaz e ineficiente.



Enormes beneficios construídos sobre elevadas facturas que provocan unha situación de pobreza enerxética intolerable, que non corrixe un Bono Social que deixa fóra a centos de miles de familias en España e Galicia.

Facturas e beneficios privados que non asumen unha serie de externalidades negativas como as emisións de cambio climático, outras emisións contaminantes, vales asolagados, degradación da paisaxe e moitos outros impactos que afectan á cidadanía sen ningún tipo de contrapartida ou que cando as hai léxíslase para que as paguen os propios consumidores. Aquí o que contamina non paga, senón que cobra á conta dos cidadáns que sofren o seu impacto.

As subidas de prezos en períodos de temperaturas especialmente frías, orixinan unha alarma social máis que xustificada porque provocan un aumento do sufrimento de miles de persoas en Galicia e millóns no conxunto do Estado que non poden quentar os seus fogares adecuadamente: son as vítimas da pobreza enerxética.

O Ministro de Enerxía e Axenda Dixital, Sr. Nadal, sinalou que estes períodos de “volatilidade” nas tarifas van ser máis frecuentes, é dicir que son como un fenómeno da natureza do que só cabe refuxiarse e resignarse. Pero non é así. Esta “volatilidade” non é ningún fenómeno natural, ten beneficiarios e causas concretas, é o resultado da acción e da inacción do goberno, que poden e deben revertirse.

A primeira causa é o enorme poder dun grupo de tres empresas, Endesa, Iberdrola e Gas Natural Fenosa, que conforman un auténtico oligopolio enerxético en España, o que lles dá poder para manipular o mercado. Segundo o informe anual das axencias de reguladores europeos ACER/CEER, as tres Comercializadoras máis grandes de España controlan o 90% do mercado doméstico, algo inusual no resto da Unión Europea.



Un oligopolio na comercialización, e tamén na produción de enerxía, porque estas tres Comercializadoras pertencen aos mesmos grupos empresariais que as tres Produtoras que controlan máis do 60% da xeración, segundo o Informe Anual de 2016 do Mercado maiorista da CNMC.

A segunda causa é o deseño do mercado maiorista de electricidade como un mercado marxinalista obrigatorio de facto, no que deben participar todos os días os Produtores e Comercializadores para vender ou adquirir respectivamente a súa enerxía.

Un deseño que permite, a un reducido número de empresas exercer o seu poder de mercado para fixar o prezo marxinal de forma que tecnoloxías con custos de produción moi inferiores ao marxinal como a nuclear, a eólica e a hidráulica obteñan beneficios inxustificables, caídos do ceo.

A participación obrigatoria dos Comercializadores no Mercado Diario para adquirir toda a enerxía para os seus clientes, converte este mercado nun mero trámite e así entre o 70% e o 80% da demanda de enerxía, é dicir o consumo base, ofértase todos os días ao prezo máximo.

O que chaman mercado e competencia na realidade non é máis que un trámite no que empresas Comercializadoras e Produtoras do mesmo grupo empresarial intercambian números nas súas follas de cálculo, co único obxectivo de maximizar o seu beneficio.

Esta falta de competencia real é a razón que explica a enorme diferenza entre España e o resto de países da UE: en Francia a porcentaxe de enerxía xestionada no Mercado Diario é o 20% e no Reino Unido só o 14%, mentres que en España o Mercado Diario xestiona máis do 80% da enerxía.



Unha característica peculiar do noso mercado, que unida ao poder de mercado que ten un reducido número de empresas orixina a volatilidade dos prezos e situacións absurdas como que a produción hidráulica marque o prezo marxinal.

Unha volatilidade que en calquera caso pagan os consumidores no prezo do recibo da luz.

A terceira causa é, o efecto conxunto do axuste, en 2014, do mercado Ibérico co resto de Europa, en cumprimento de diversos Regulamentos da Unión Europea, e a duplicación en 2015 da capacidade da interconexión con Francia.

O resultado son maiores intercambios de enerxía co resto da UE e menor control sobre o fluxo de enerxía con Francia e, polo tanto, co resto da UE. Un fluxo que agora, dentro das limitacións físicas da interconexión, depende exclusivamente da diferenza de prezo entre o mercado francés e o mercado Ibérico.

As interconexións supoñen vantaxes para o sistema eléctrico español, como a posibilidade de importar enerxía máis barata ou exportar o exceso de produción eléctrica de orixe renovable. Pero tamén riscos, cando se expón, a través da interconexión, máis do 80% do mercado español, o que se poxa diariamente, á volatilidade puntual de prezos dos mercados europeos interconectados.

En Francia puntualmente o prezo marxinal pode subir a prezos moi altos, pero só afecta a unha parte moi pequena da enerxía vendida, a que se poxa diariamente. Por contra cando o prezo marxinal español se ve afectado por esta subida, en Francia e no resto de Europa, afecta á maioría da enerxía poxada diariamente, o 80%, o que fai que a factura para os consumidores se dispare.

Os beneficiarios desta situación son todos os produtores pero, de forma especial, os tres grandes grupos empresariais que conforman o oligopolio eléctrico español, Endesa, Iberdrola e Gas Natural Fenosa titulares de centrais nucleares,



hidráulicas, eólicas e de carbón: beneficios para elas a costa da sociedade, porque dunha ou outra maneira, todos os consumidores españois saen prexudicados .

Os Regulamentos da Unión Europea regulan o Mercado Diario e a xestión das interconexións, pero non canta enerxía se debe de xestionar nese Mercado. Cada país pode e debe adoptar a estrutura de mercado que mellor lle conveña para gozar das vantaxes das interconexións protexendo aos seus consumidores da volatilidade dos mercados. En España faise todo o contrario.

Un desmesurado e obrigatorio Mercado Diario e un axuste maior e máis estreito co resto da UE é unha combinación que provoca volatilidade dos prezos, e grandes beneficios para os Produtores de electricidade en España.

As grandes eléctricas españolas duplican, e as veces cuadriplican, os beneficios das europeas entre 2013 e 2016: os beneficios das empresas españolas son os máis elevados de Europa, en resultados respecto de facturación. Os resultados das grandes compañías eléctricas españolas foron, de media, do 8% sobre a facturación, cando en Francia foi do 4%, en Gran Bretaña do 1% e en Alemaña do -4%.

Nun mercado de concorrência competitiva os beneficios empresariais dependen do acerto nos investimentos realizados, da optimización dos seus procesos de produción, distribución e comercialización e, no caso das empresas eléctricas, dos prezos das materias primas, carbón, gas...que é o mesmo para todas as compañías europeas. Pero, no caso español teñen unha dopaxe excepcional que se chama BOE e todas as decisións políticas plasmadas no mesmo –que son as que condicionan o mercado eléctrico– sendo un dos sectores máis dependentes destas decisións. Decisións do Goberno do PP sempre favorables ás compañías do oligopolio e tremendamente prexudiciais para o peto dos cidadáns e para a competitividade das empresas.



No caso de España os beneficios non se deben só aos beneficios típicos do mercado eléctrico a nivel internacional, senón a unha serie de decisións políticas totalmente inxustificadas, verdadeiros agasallos multimillonarios ao oligopolio. Por exemplo, os ingresos polos teóricos custos de transición á competencia, as axudas ao gas, os beneficios caídos do ceo por permitir que a produción nuclear, hidráulica e eólica entre nas poxas diarias onde é vendida a uns prezos desorbitados ou o financiamento do déficit de tarifa dificilmente xustificable. En definitiva unha gran parte dos beneficios destas empresas pagámolos todos os cidadáns e empresas sen ningunha xustificación de custos nin de mercado.

Entre 2005 e 2016 o prezo da electricidade para o consumidor doméstico en España incrementouse nun 100% cando na maioría de países da nosa contorna oscila o incremento entre o 25% e o 60%.

Un caso moi reseñable é o de Holanda onde o prezo entre 2005 e 2016 se reduciu nun 17,07%. Habería que analizar a fondo que incidencia tivo neste feito excepcional a decisión do Goberno holandés de asumir a xestión pública da rede de distribución favorecendo con iso a autoprodución, o autoconsumo e o control dos custos reais do servizo de distribución.

Custos de distribución que en España terían que ser auditados, da mesma maneira que os de produción, xa que existen diferentes estudos que estiman que están inflados polo menos un 40%, unha cifra equivalente en valores absolutos a 5.000 M€ ao ano que pagamos de máis ás eléctricas por este servizo de distribución.

Toda esta argumentación está avalada por informes da UE, que certifican que o custo de distribución en España é o máis caro de Europa, nalgúns casos con diferencias escandalosas. Por suposto os informes das eléctricas españolas, a partir dos que o Estado lles reconece a retribución sen auditoría nin control



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27985
Data envío: 15/03/2018 16:11:34.028



rigoroso algún, son moi diferentes. Os seus desproporcionados beneficios levan a pensar que o informe correcto é o da UE.

Ante todo o exposto e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Instar ao Goberno de España a modificar a Lei 24/2013 e toda a normativa desenvolta a partir da mencionada Lei para desenvolver as accións necesarias para a toma do control de xestión da rede de distribución de electricidade polo Estado, da mesma maneira que se fai co transporte. Unha vez tomado o control realizaríase unha exhaustiva auditoría de custos para determinar a remuneración xusta a este servizo.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/03/2018 16:01:35

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 16:01:44

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 26.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 29323(10/PNC-002325)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego do uso da marca
"Artesanía de Galicia" nos establecementos comerciais, co fin
de contribuír á mellora da súa visibilidade e
comercialización

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:40
Nº Rexistro: 29323
Data envío: 12/04/2018 13:40:03.796

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Artesanía de Galicia é a marca que representa aos profesionais que conforman o sector artesanán galego. O distintivo inclúe produtos de alta calidade e coidadosamente deseñados, que implican o saber facer dos nosos artesáns e artesás, pero tamén as raíces da nosa cultura e da nosa tradición.

Nun momento como o presente, caracterizado por mercados cada vez máis globalizados, a diferenciación é un valor engadido en alza que a artesanía achega debido aos seus produtos únicos. Neste contexto, a artesanía galega destaca pola produción de obras e obxectos de calidade excepcional que é valorada positivamente a nivel nacional e internacional.

A marca Artesanía de Galicia contribúe notablemente a este bo posicionamento ao ofrecer un distintivo cada vez máis recoñecido dentro e fora de comunidade, polo que debe realizarse un maior esforzo de visibilización e presenza, prestando especial atención aos establecementos comerciais, para aumentar o coñecemento e demanda polas persoas consumidores.

Nese sentido, o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en 2016 recollía o compromiso da “Consolidación, promoción, difusión e protección da marca ‘Artesanía de Galicia’ como imaxe única do sector artesanal galego”, explicando que “A marca configúrase como garantía de calidade para os consumidores ofrecendo unha imaxe harmónica, coordinada e representativa dos produtos artesanais galegos en todos os mercados”.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:40
Nº Rexistro: 29323
Data envío: 12/04/2018 13:40:03.796

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar o uso da **marca Artesanía de Galicia** nos establecementos comerciais, coa finalidade de contribuír na mellora da súa visibilidade e comercialización”.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/04/2018 13:33:07

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/04/2018 13:33:17

Moisés Blanco Paradelo na data 12/04/2018 13:33:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/04/2018 13:33:32

Maria Antón Vilasánchez na data 12/04/2018 13:33:40

María Isabel Novo Fariña na data 12/04/2018 13:33:46

Marta Novoa Iglesias na data 12/04/2018 13:33:55

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/04/2018 13:34:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com